



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

BANDO

ASUNTO: Limpeza de fincas e prevención de incendios.

A Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia establece unhas condicións de prevención para as “redes secundarias de faixas de xestión de biomasa”, cuxa función é a protección dos núcleos poboacionais, as infraestruturas, os equipamentos sociais, as zonas edificadas, os parques e os polígonos industriais. (Artigo 20.4. da Lei 3/2007 de 9 de abril).

Con carácter xeral, nunha franxa de 50 metros deberase facer a xestión da biomasa vexetal, concretamente:

- **Na franxa dos 15 primeiros metros** procederase a eliminación de todo tipo de vexetación herbácea, arbustiva e arbórea.
- **Na franxa de 15 a 50 metros** procederase a eliminación da vexetación de tipo arbustivo e herbáceo cunha altura máxima de 20 cm, e no caso da vexetación arbórea:
 - Eliminar as árbores das especies sinaladas na Disposición Adicional Terceira da Lei (piñeiros, eucaliptos e acacias)
 - As especies permitidas deberan estar separadas entre si e debidamente podadas (árbores ata 11,4 m podar 1/3 da altura, árbores maiores de 11,4 m, poda mínimo 4 m)

As distancias das faixas de xestión de biomasa mediranse, segundo os casos:

- a) No solo urbano, núcleo rural e urbanizable dende o límite do mesmo.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

b) No caso de edificacións, vivendas illadas e urbanizacións dende os paramentos exteriores ou os límites das súas instalacións anexas.

c) No caso dos depósitos de lixo, gasoleiras e parques e instalacións industriais dende o límite das instalacións.

No solo urbano, de núcleo rural e urbanizable, aplicaranse subsidiariamente os criterios establecidos nos artigos 20 bis, 21, 21 ter, 22 e 23, da Lei.

Por outra banda o artigo 135 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro do solo de Galicia esixe aos propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións conservarlos nas condicións legais para servir de soporte a ditos usos e en todo caso nas correctas condicións de seguridade e salubridade.

Por todo isto, recordamos a veciñanza a obriga de manter os terreos, edificacións e instalacións libres de refugallos e vexetación nas distancias e condicións indicadas na normativa vixente, todo isto en aras de manter as condicións de hixiene e salubridade, así como a prevención de incendios forestais que constitúen ano tras ano unha ameaza moi importante para o noso entorno, comprometen a sustentabilidade económica e social de Galicia e poñen en risco a seguridade de persoas e bens.

O incumprimento de todo o exposto poderá dar lugar á imposición de sancións, sen prexuízo de que se adopten medidas de execución subsidiaria con repercusión dos custes ás persoas responsables.

Concello de Boimorto, na data da súa sinatura dixital.

A Alcaldesa Asdo.- María Jesús Novo Gómez